

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005002	IES Ramón Otero Pedrayo	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

Hai que destacar que a programación didáctica (PD) é un documento vivo, polo cal pode sufrir modificacións no transcurso do ano académico. Ditas modificacións poden deberse, por exemplo, a cambios na temporalización das Unidades Didácticas (UD) para unha mellor atención ao ritmo de traballo do alumnado, de xeito que facilite o proceso de ensino-aprendizaxe.

A presente PD está desenvolvida para a materia Educación Dixital de 3º da ESO, contextualizada no IES Ramón Otero Pedrayo de A Coruña (A Coruña) e correspóndese co curso académico 2023-2024.

Para a información de contextualización tómase como documento base o Proxecto Educativo de Centro (PEC).

O IES Ramón Otero Pedrayo está situado na entrada da cidade da Coruña, no denominado Barrio de Elviña (1ª fase). A súa ubicación atópase nun punto no que practicamente conflúen tres barrios da cidade: Barrio de Monelos, Barrio das Flores e Barrio de Elviña. A área na que se atopa o centro dispón dun importante equipamento escolar, cultural, administrativo e comercial.

O IES Ramón Otero Pedrayo queda descrito na rede de centros como un instituto que consta de 10 unidades de ensino secundario obrigatorio. Sen embargo, na actualidade, ten que albergar case o dobre desas unidades. Esta situación provoca unha importante carencia de espazos. En relación ao curso de 3º da ESO están matriculados 54 estudantes, agrupados en 4 grupos-clase.

O alumnado do IES Ramón Otero Pedrayo ten a súa residencia, maioritariamente, nos arredores do centro. O contorno socioeconómico pódese considerar medio-baixo. Así mesmo, ao ser o noso un barrio ó través do que a cidade experimenta unha certa expansión fai que algúns dos nosos alumnos proveñan de familias inmigrantes, fundamentalmente hispanoamericanas, e outros de etnias minoritarias que viven en zonas limítrofes coa propia cidade e que están dentro da nosa zona de influencia escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Equipos informáticos: ordenadores e sistemas operativos	Configuración de dispositivos dixitais e sistemas operativos, organización da información. Arquitectura de ordenadores, sistemas operativos y aplicaciones más comunes.	20	19	X		
2	Producción ofimática	Traballo con aplicacións de ofimática en liña e/ou non (procesador de textos, software de presentacións e follas de cálculo) para maquetar documentos e tratar a información.	30	32	X	X	
3	Edición de imaxe dixital	Tratamento de imaxe dixital e deseño gráfico	15	15		X	
4	Pensamento computacional: programación	Programación, desenvolvemento de programas	22	24			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Ética e seguridade dixital	A pegada dixital e seguridade na rede. Identidade dixital, responsabilidade e tipos de licenzas.	13	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Equipos informáticos: ordenadores e sistemas operativos	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Identificar os elementos que configuran un equipamento informático e a súa función no conxunto.	TI	100
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Configurar un sistema operativo en función das súas necesidades persoais.		
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Manexar con soltura o almacenamento e organización de ficheiros e cartafoles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración. - Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.

UD	Título da UD	Duración
2	Producción ofimática	32

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Producir documentos con aplicacións ofimáticas, incorporando gráficos, aplicando estilos e formatos e índices interactivos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Coñecer a forma de presentar en plataformas dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
3	Edición de imaxe dixital	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Coñecer os aspectos básicos dun software de retoque fotográfico.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento básico da imaxe dixital. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
4	Pensamento computacional: programación	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Recoñecer algoritmos sinxelos e identificar os elementos básicos para a súa representación.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores ou dispositivos móbiles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de estruturas básicas de programación. - Uso de datos. Constantes e variables. - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
5	Ética e seguridade dixital	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet.	TI	100
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Xestionar contrasinais.		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Identificar situacións que representan unha ameaza na rede.		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Usar recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. - Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.

Contidos

- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As características intrínsecas da materia fai que a metodoloxía empregada sexa eminentemente práctica pero sen esquecerse da importancia dos contidos teóricos (sobre todo en determinadas unidades didácticas) nos que o alumnado poida apoiarse á hora de realizar as súas tarefas prácticas.

Nas diferentes unidades didácticas procederase cunha primeira fase na que trataranse os contidos teóricos e os procedementos a seguir para que, de seguido sexa o propio alumno o que realizará o seu traballo (sa sexa un proxecto, prácticas, actividades...) ben de xeito individual ou en grupo.

Esta parte práctica tratarase de amosala ao alumnado dentro dun contexto de aprendizaxe real buscando que o alumno/a entenda algunha aplicación real do que está a traballar, e procurando evitar a realización de certas rutinas prefixadas co fin último dunha posterior avaliación. Con todo é conveniente que determinadas rutinas si se practiquen en determinados momentos para poder consolidar as destrezas adquiridas.

O traballo en grupo e colaborativo terá un papel importante ao longo do curso buscando favorecer o aprendizaxe significativo e fomentando, a súa vez, a participación activa, grupal e o reparto de tarefas.

Á hora da búsqueda de información polo alumnado para a confección e desenvolvemento das súas prácticas e/ou proxectos, fomentárase que esta sexa contrastada e valorada de forma crítica. Por outra banda, e sempre que a unidade didáctica concreta o permita, propoñerase a lectura de diferentes novas, artigos, documentos, capítulos de libros... que teñan relación cos contidos de dita unidade, tratando de que practiquen a lectura de forma activa e continua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de Informática do centro coa súa correspondente equipación: proxector, pizarra, ordenadores e conexión wifi.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Emprego de apuntamentos ou fichas de cada unidade didáctica cos contidos teóricos, elaborados polo Departamento ou con licenza que permitan o seu uso.
Aula virtual do centro para a comunicación, subida de apuntamentos e/ou fichas, entrega de tarefas, proxectos e/ou realización de probas.

Empregarase a equipación que ofrecen as aulas de informática (proxector, pizarra, ordenadores de profesor e alumnos/as e conexión wifi). Sempre que sexa posible haberá un ordenador por alumno, de non ter equipos suficientes o traballo será en parellas.

Non se empregará libro de texto sendo o profesor/a responsable de impartir a materia quen proporcionará ao alumnado dunha serie de apuntamentos e/ou fichas ao longo do curso, para cada unidade didáctica. Estes documentos entregados serán creados polo profesorado do Departamento ou ben obtidos a través de Internet (sendo de dominio público ou cunha licenza que permita facer uso dos mesmos).

Na aula virtual do centro crearase un curso para a materia que ademáis de medio de comunicación entre o profesor/a e o alumnado, permitirá ser repositorio dos apuntamentos e fichas a entregar, do enunciado das tarefas//prácticas e da entrega das mesmas polo alumno/a, da realización de diferentes probas...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse un pequeno cuestionario/test no ordenador ao comezo, nas primeiras semanas do curso, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa competencia dixital.

En función dos resultados destas probas e da información proporcionada polo titor na sesión de avaliación inicial tomaranse as medidas correspondentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	15	22	13	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 100%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unidade didáctica realizarase mediante a avaliación das tarefas de clase a través de táboas de indicadores. Esta cualificación será resultado das practicas e actividades avaliadas, mais é necesario a entrega das tarefas propostas. No suposto de que non se entreguen tarefas por mor dunha falta de asistencia non comunicada con anterioridade á data da entrega do traballo o profesorado poderá esixir para prorrogar o prazo, a acreditación documental complementaria do motivo alegado. En todo caso, será o profesorado quen estime, á vista das causas alegadas, e demais circunstancias particulares que concorran, a pertinencia de establecer outra data para a realización da proba ou entrega do traballo.

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Unha vez realizadas as operacións do cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior ou igual a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.

A calificación final do curso virá dada pola media simple das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. Salientar que para o alumnado incorporado unha vez iniciado o curso, no suposto de que o alumnado teña cualificacións dos tres trimestres, seguirase o criterio anteriormente mencionado, no suposto de non ter as cualificacións da primeira avaliación, a media ponderada calcularase cun peso dun 50% na segunda avaliación e un 50% na terceira e no suposto de que non teñamos cualificacións da primeira nin da segunda avaliación, a nota final será o 100% da terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

O alumnado que o precise, poderá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

Durante a semana previa a cada avaliación o alumnado poderá reenviar todas as tarefas/prácticas que tivera

suspensas e rematase o prazo de entrega con anterioridade nesa avaliación para poder recuperar ditas prácticas (neste caso a máxima nota para cada unha destas tarefas será un 5).

Salientar que ao final do curso, e para aqueles alumnos que teñen suspensa e sen recuperar algunha avaliación, poderá facerse unha proba de recuperación ordinaria, co fin de que poidan recuperar ditas avaliacións, podendo ser esta substituída se fose o caso pola entrega dun traballo ou traballos segundo o acordado co profesor.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior, deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Os grupos de alumnos son heteroxéneos, presentando, por tanto, cada un deles diferentes niveis de coñecementos, intereses e capacidades. Proponse unha aprendizaxe de carácter aberto e flexible, no que, en definitiva, sexa o profesor o que concrete e desenvolva as propostas de traballo en función das peculiaridades. Para detectar estas peculiaridades canto antes e poder tomar as medidas oportunas realizarase unha avaliación inicial en datas a determinar por Xefatura de Estudos. Como ferramenta para levar a cabo dita avaliación inicial realizaranse unhas probas nas que os alumnos terán que contestar a aspectos básicos sobre contidos desenvolvidos en cursos anteriores e noutras materias nas que se tocan aspectos relacionados coa Educación Dixital.

Propoñeranse diferentes actividades de reforzo e de ampliación. Estas actividades, segundo o noso proxecto curricular, poderán ser actividades individuais ou en grupo e ocuparán un énfase especial naquel alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital xa que podemos atopar alumnos/as con altos coñecementos informáticos fronte a outras con coñecementos informáticos inferiores.

De ser o caso empregaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias que, entre outras, contémplanse:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado

- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación

- Atención individualizada.

- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento

- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X			X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores					X
ET.8 - Igualdade de xénero	X		X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X				X
ET.11 - Formación estética		X	X	X	
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X				X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X				X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.			

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indícanse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada ao longo de todo o curso nas diferentes reunións do departamento (polo menos unha reunión mensual) sendo posible facer propostas susceptibles de mellora da mesma, en función do proceso de aprendizaxe, co fin de, se é o caso, realizar as modificacións pertinentes. Así mesmo, ao final de cada trimestre, analizaranse os resultados obtidos polo alumnado na materia o cal permitirá tamén a toma de decisións no referente ao cumprimento da mesma e a súa avaliación.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento para que poidan ser tomadas en conta de cara a cursos posteriores.

9. Outros apartados